



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 7 DE
OUTUBRO DE 2010**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de outubro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 5 DE AGOSTO DE 2010.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 2 DE SETEMBRO DE 2010.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

3º.-	DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO NA SUPERFICIE DA PARCELA DO CENTRO DE SAÚDE DE CODESEDA.
4º.-	DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE A LEI DE AUGAS.
5º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO MES DE AGOSTO DE 2010.
6º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 5 DE AGOSTO DE 2010.

A Sra. López Doce indica que hai algúns erros que seguidamente se relacionan:

Páxina 3, punto 3º: Debe poñerse ben Centros.

Páxina 18, a intervención 5ª foi do Sr. Reboredo Baños e non de Dona Irene Aguiar.

Páxina 21, o nome correcto da avogada é Delfa Losa.

A Sra. Giselle Maíssa indica que na páxina 16 as dúas intervencións do final están cambiados os nomes entre ela e o Sr. Otero Espiño, debendo aparecer ao revés.

Conformes todos os Concelleiros coa redacción da acta despois de incluídas estas correccións, así como co seu contido, apróbase por unanimidade a acta da sesión do cinco de agosto de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 2 DE SETEMBRO DE 2010.

A Sra. López Doce indica que hai algúns erros que seguidamente se relacionan:

Páxina 9, onde figura o resultado da votación da moción, figuran oito votos a favor do PP, cando en realidade o PP ten sete concelleiros e asistiron seis. O mesmo ocorre coa votación da páxina 12.

Na páxina 10, despois da última intervención do Sr. Reboredo Baños falta introducir que o alcalde dá lectura á proposta, que non é unha proposta que fixese o Sr. Reboredo.

Conformes todos os Concelleiros coa redacción da acta despois de incluídas estas correccións, así como co seu contido, apróbase por unanimidade a acta da sesión do dous de setembro de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

3º.- DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO NA SUPERFICIE DA PARCELA DO CENTRO DE SAÚDE DE CODESEDA.

A Secretaria dá lectura ao ditame adoptado pola Comisión de Organización celebrada o 1 de outubro de 2010, que unha vez sometida a votación obtén a aprobación unánime dos membros da Corporación, polo que se adoptan os seguintes acordos:

1º.- Acordar a modificación mediante modificación da Escritura notarial outorgada o 20 de abril de 1989 da superficie da devandita parcela propiedade do Concello da Estrada, que unha vez feitas as medicións oportunas ten unha superficie de **547 m²**, tal e como figura no Informe da Medición Topográfica das superficies de dúas parcelas na Sagrada – Codeseda, asinado polos técnicos municipais D. Manuel Sanmartín Chao e Daniel Órrea Vidal.

2º.- Tomar en consideración que a devandita modificación, que responde á medición da superficie real da parcela por parte dos técnicos municipais anteriormente citados, realizárase co consentimento e adhesión da AAVV S. Xurxo de Codeseda, cuxa parcela colindante coa do Concello da Estrada pasará a ter unha superficie de **570 m²**.

4º.- DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE A LEI DE AUGAS.

A Secretaria dá lectura á proposta de acordo contida no ditame adoptado pola Comisión de Organización celebrada o 1 de outubro de

2010, que seguidamente se transcribe de xeito literal:

2º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A LEI DE AUGAS.

A Sra. López Doce expón a moción presentada con data 20 de setembro de 2010, que seguidamente se transcribe de xeito literal:

*“Raquel López Doce, Xoán Carlos Castro Blanco, e Isabel Ruíz Ferro, integrantes do Grupo Municipal do BNG, presentamos para a súa toma en consideración e aprobación polo Pleno da Corporación a seguinte **Moción**:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Proxecto de Lei de Augas de Galiza aprobado polo Goberno galego substitúe o actual canon de saneamento por dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación por parte do goberno do PP, a costa de familias e particulares. Mentres as administracións preparan novas rebaixas impositivas para a adquisición de segundas vivendas, sen límite de prezo nin de renda dos seus titulares, o PP incrementa de xeito brutal e desproporcionado a imposición sobre o uso ou consumo de auga, nomeadamente para os usos domésticos, que serán os que soporten a maior suba de impostos. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza, prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m³. ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363%; e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%.

Esta é unha lei que foi elaborada sen consultar aos concellos galegos, sen discusión previa, obviando a realidade local e a grave situación económica que se sofre no país e nos concellos.

Reducen os consumos asimilábeis a domésticos, pasando dos 3.000 m³/ao ano actuais a 2.000 m³/ao ano, o que terá consecuencias moi importantes na suba que van experimentar colexios, centros de saúde, pequenos negocios, hostalaría, etc.

Suprimen as exencións existentes na actualidade para os núcleos de menos de 2.000 habitantes, prexudicando especialmente aos veciños e veciñas do rural, que terán que pagar o canon polo aproveitamento da auga dos seus propios pozos, ou de traídas veciñais, do que hoxe están exentos, e ademais aínda que non teñan servizos públicos de abastecemento de auga ou de saneamento. Só no caso de que non dispoñan de ningún destes dous servizos públicos poderán aplicar a redución prevista na lei, pero aínda non tendo ningún servizo terán que tributar polo canon da auga.

Esta lei obriga a instalar contadores homologados nos pozos particulares, baixo a ameaza de multas de até 30.000 euros.

Por outra parte, a lei non adopta ningunha medida que veña a incentivar o aforro de auga, nin nos usos domésticos nin nos outros, e por riba establece unha cota para todos os fogares aínda que non teñan consumo de auga. Trátase dunha política fiscal abusiva que queren aplicarlle a toda a poboación co único obxectivo de recadar, cando con poñer en marcha a recadación do canon industrial -como no caso de ENCE- xa incrementarían os ingresos e garantiría un uso sostíbel da auga e unha xestión transparente do canon industrial do seu uso.

Vén ser outro incremento inxusto da imposición indirecta, que soportarán os galegos e galegas, independentemente dos seus ingresos, que só responde ao interese do goberno do PP de facer recaer o incremento da recadación sobre as familias e outros usuarios que hoxe non soportan o canon de saneamento, mentres continúan a permitir a fraude fiscal aos grandes consumidores de auga cunha elevada carga contaminante, e néganse no

Parlamento Galego a establecer impostos para as grandes fortunas, para as rendas superiores a 1 millón de euros.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

- 1. Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.*
- 2. Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.*
- 3. Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.*
- 4. Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.*
- 5. Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canón industrial do uso da auga. A Estrada , 20 de setembro de 2010”*

A Sra. López Doce di que o pasado mes de maio o grupo parlamentar do PP presentou no Parlamento de Galicia o proxecto dunha nova Lei de augas, que o BNG cre que é inxusta, pois modifica o réxime impositivo existente ata o de agora, mediante a que só os cidadáns con traída de augas e rede de saneamento pagan o canon de saneamento. Con esta lei, substitúese por un canon da auga, que é un imposto, polo que o PP foi hábil, xa que non o presenta como taxa, senón imposto a todos os cidadáns polo uso real ou potencial da auga, xa sexa de procedencia particular, veciñal ou pública. O seu grupo municipal entende que é abusivo, pois o canon de vertido váiselle cobrar aos veciños/as que estean conectados cunha EDAR autonómica. Prevese unha bonificación do 80% cando non haxa saneamento, pero en breve terá que estar saneado todo o rural por esixencia da UE, polo que esta bonificación ten un carácter transitorio, ademais non se pode alegar que se lles cobra o 20% do imposto a cidadáns que pagaron cos seus cartos a fábrica dos pozos, minas e/ou traídas.

A Xunta mantén que vai supoñer un aforro ao 30% dos cidadáns, pois na Estrada por exemplo só se pagaría o canon da auga, pero aínda así é bastante elevado, e a Xunta prevé recadar o dobre con este novo sistema, conta ter un incremento de 35 millóns de euros. Tamén expón que vai beneficiar ás grandes industrias, mentres que as industrias grandes consumidoras de auga como a ENCE de Pontevedra lle vai supoñer un 20% de incremento, pero ao cidadán medio un incremento do 363% Tamén lle parece irracional non sacar do canon o aproveitamento da auga de chuvia, polo que di que non se busca un uso sustentable da auga, e seguidamente expón as propostas de acordo que contén a moción.

Di que non consideran razoable que se cobre un servizo, mentres non todos os cidadáns teñan o mesmo acceso a el, como son os habitantes da vila fronte aos do rural que teñen que estar pendentes da captación da que dispoñan, así como das instalacións.

Tamén deixa constancia do principio que quen máis consuma máis pague e non ao revés, xa que os estudos din que o consumo dos galegos é a máis restritiva, mentres que as previsións da Xunta son das máis elevadas.

Hai que considerar ademais, que a maior parte do noso territorio é rural, que ten condicións de vida particulares, e que ás hortas non lles chegan a auga natural, que teñen que ter auga de pozo para regar e que logo terán que poñer un contador co conseguinte gasto.

Cren que o principal problema está nos usos industriais, pois cando aparece un problema de contaminación nun río sempre aparece unha industria por atrás, polo que terá que haber un regulamento disciplinario máis severo e que grave o consumo de auga a este tipo de instalacións.

Por todo isto, solicita o apoio dos grupos da Corporación á moción presentada polo BNG e anteriormente transcrita.

O Sr. Sanmartín Obelleiro di que o grupo do PSdeG – PSOE dá o seu apoio á moción.

A Sra. Goldar Soto, pregúntalle á Sra. López Doce se sabe cal é a comunidade que máis contamina e se está de acordo de quen contamina paga, ao que a Sra. López Doce lle di estar de acordo con estes dous principios. Seguidamente, a Sra. Goldar Soto anuncia a abstención ata o Pleno do Grupo do PP.

O Sr. Reboredo di que os concelleiros non adscritos non teñen a documentación suficiente para posicionarse, pero que xa que se trata dun proxecto de lei, é de supoñer que logo habrá emendas, propostas de reforma, etc, polo que se mostra optimista para que ese texto se mellore, polo que tanto el como o Sr. Torres consideran que seguramente en trámite parlamentario se vaian ter en conta as singularidades existentes en Galicia. Pregunta tamén se hai algunha referencia se se está pasando noutras CCAA.

A Sra. López Doce engade que este imposto ademais implica aos concellos que terán que facer a recadación do canon, para logo enviarlles os cartos á Xunta. Di que están de acordo en facer unha nova lei de augas, e unificar os diversos organismos con competencia en materia de xestión da auga, pero que este proxecto de lei non responde á idea que ten o BNG dunha nova lei de augas.

A Sra. Goldar Soto pregunta como se financian as depuradoras.

A Sra. López di que auga e lixo se cobra como canon de saneamento todo xunto neste Concello.

Di que eles son partidarios de que se se dá un servizo aos cidadáns hai que pagalo, pero cobrarlles a todos igual é inxusto.

A Sra. Goldar Soto di que quen usa a auga logo devólvea e vértela, polo que debe pagar un canon.

O Sr. Reboredo fai referencia á posibilidade dunha proposta de acordo, ao que a Sra. López Doce lle replica que o proxecto de lei é moi complexo, que o canon ten unha parte fixa e outra variable en función do consumo, e que é tan inxusto que o veciño que ten unha traída particular ou veciñal, ninguén lle garante a potabilidade da auga, que cando teñan esa auga, pagarán por ela.

Sometido o asunto a votación, ditamínase favorablemente a moción anteriormente transcrita de xeito literal, por catro votos a favor (PSdeG – PSOE Señora/es Magariños Cobas, Sanmartín Obelleiro e González Rodríguez e BNG Sra. López Doce) e tres abstencións (PP – Sra/ Goldar Soto e Vicente Vicente e non adscritos, Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez).

Sr. Alcalde: *Eu rogaríalles aos veciños asistentes, que xa somos conscientes de cal é a opinión, se poden retirar os carteis. Moitas grazas.*

Sra. López Doce, do BNG: *A secretaria acaba de dar lectura á proposta de resolución da moción que imos debater a continuación e que foi ditaminada por maioría na Comisión Informativa de Organización e despois do debate que poida producirse neste Pleno, o que agardamos é que todos os grupos municipais e os concelleiros non adscritos apoiem esta moción. É necesario recordar para centrar o debate que a nova Lei de augas que aprobou o Goberno do PP no Consello da Xunta do 27 de maio, este anteproxecto que foi remitido ao*

Parlamento Galego e que neste momento se atopa en trámite, substitúe un concepto que é o actual canon de saneamento por dous novos tributos, polo canon da auga e polo canon de vertido. Son dous novos impostos indirectos que diante dunha situación ademais económica difícil e que vemos que vai tardar en recuperarse, gravan máis a situación das familias, na vez de adoptar outras medidas fiscais que puidesen ser xustas socialmente, conseguisen o obxectivo de mellorar a situación económica da Xunta de Galicia, o Goberno do PP opta pola vía máis fácil que é a de incrementarlle os impostos e incrementar a súa recadación das economías familiares que son as que grava máis esta nova lei, posto que os maiores incrementos se producen nos usos domésticos e para os fogares que menos consumo teñen, os dunha persoa por exemplo incrementábase un 373% e con tres persoas ese incremento sube ao 171%, falamos sempre de usos domésticos. Ademais, esta lei fíxose sen consultar aos concellos cando se lles atribúen unha serie de competencias e están directamente implicados tanto no que é a obriga se a lei se aproba tal e como está, prazo dun ano de entrada en vigor da lei haberá que elaborar novas ordenanzas en canto ao abastecemento e ao saneamento, encárgaselles tamén das tarefas de vixilancia do cumprimento do que se establece nesta lei, e tamén se lles encarga de cobrar o canon cando hai rede de abastecemento pública municipal, entón entendemos nós é bastante necesario consultar aos concellos no proceso de elaboración dunha lei tan importante coma esta. Esta lei ademais de supoñer un incremento para o peto dos veciños nos que xa estaban pagando o canon de saneamento, que son aqueles que teñen traída de auga pública e teñen rede de saneamento, era onde se estaba pagando, establece que o canon da auga van ter que pagalo todos os veciños, independentemente que o seu subministro sexa de captacións propias, de traídas veciñais ou abastecido por unha rede pública. Prexudica gravemente ao rural, dado que non tiña o servizo e tampouco pagaba por el, e con esta lei van seguir sen ter o servizo pero si van ter que pagar ademais de realizar outros gastos como é a instalacións dos contedores homologados, facer a tramitación administrativa para regularizar as súas captacións baixo apercibimento de multas de ate 30.000 €. A Xunta de Galicia, o PP opta por crear este canon ou estes dous canons, cando podía adoptar outras medidas máis favorecedoras para o que é o uso racional da auga e que permitirían recadar máis como é a elaboración dun canon industrial e a persecución da fraude tributaria a este nivel que fan as empresas que utilizan grandes cantidades de auga e que ademais son as que producen os maiores problemas de contaminación, ademais de poder adoptar outras medidas como aplicar o tramo autonómico do IRPF para as grandes fortunas, aí son outras fontes de obter financiamento no que os ingresos se están reducindo pero o que é absolutamente inxusto é que se faga pola vía que establece esta Lei de augas, por iso entendemos que o Grupo Municipal do PP da Estrada fundamentalmente debe cambiar o sentido do seu voto manifestado na Comisión Informativa cara a abstención e votar a favor desta moción, non vou dar lectura ás propostas de resolución posto que xa as leu a secretaria cando deu lectura ao ditame, o substancial é a retirada do actual proxecto de lei de augas e a súa substitución por outra que non sexa tan inxusta e insolidaria coma esta.

Sr. López Campos do PP: *Moitas grazas, benvidos os asistentes a esta sesión plenaria e quero agradecer no nome do noso Grupo a asistencia que se ten feito no día de hoxe para valorar, debater e aclarar os aspectos que nos van afectar a todos e dende logo aspectos que ao PP lle preocupa directamente e saben da repercusión que vai ter esta decisión, pero que é conveniente analizar en profundidade cal é a situación actual na que nos atopamos e cal é o novo escenario que se crea con esta nova Lei de augas e creo que antes que se entre a facer algún tipo de análise do que é o aspecto máis profunda do que é a lei, eu quería manifestar o meu desacordo total e absoluto con varios temas expostos pola voceira do BNG, pois unha cousa é facer reunións cos veciños que non teñen certa información como é lóxico, nun tema tan farragoso como é a Lei de augas e outra cousa é vir mentir a este Pleno de forma descarada, faltando á verdade dende o primeiro ao último argumento que acaba de dar e eu voulle desmontar un por un todos e cada un dos argumentos que acaba de dar e dende logo sen ningún tipo de criterio no que é o proxecto de lei que estamos a tratar.*

En primeiro lugar, a Lei de augas non a aprobou o PP nin a Xunta de Galicia, porque a Lei de augas está sen aprobar, ese é o primeiro detalle que intencionadamente fai a voceira do BNG para que pareza que a lei é unha lei do PP, o que fai o PP que é quen goberna na Xunta de Galicia é recibir unha orde da Unión Europea (UE), que é a Directiva Marco da Auga, na que eu lle quero recordar, a práctica totalidade das comunidades autónomas (CCAA) e o Estado, teñen a normativa adaptada, o Estado ten competencias e alí onde ten as competencias

transferidas ás CCAA esas CCAA teñen que adaptar esa directiva marco obrigatoriamente, é unha obriga da UE, polo tanto non é unha lei do PP, é unha directiva que vén imposta por Europa e é obrigatoria a súa adaptación e trasposición á normativa autonómica, iso é o que se inicia no trámite polo Consello da Xunta e non sei se alegar descoñecemento ou falta de interese por coñecer por parte da voceira do BNG, porque a Xunta de Galicia non aproba leis de momento, non ten capacidade para aprobar leis, quen aproba as leis é o Parlamento de Galicia e ese proxecto de lei entrou no Parlamento de Galicia para o seu debate e trámite á hora de incorporar as mocións, ou iniciativas de cada formación política que xa están feitas ademais e incíase un trámite de debate e negociación para enriquecer o texto e sacar un texto legal adaptado ás necesidades de Galicia, ese é o primeiro punto onde falla estrepitosamente o argumento da voceira do BNG, pero entendo que de forma intencionada, pois quere seguir con esta campaña de manipulación e mentira coa que se instalou neste tema e nas que nos teñen acostumados noutros moitos tamén. Outra gran mentira pero grande e gorda mentira, a Sra. voceira do BNG, tamén supoño que por descoñecemento ou non, fala de que habería posibilidade de tomar outras medidas fiscais para mellorar a recadación da Xunta, eu creo que é tendencioso ou mal intencionado, eu creo que vostede xa o sabe, ou se non o sabe xa ten máis gravidade, porque é unha das directrices obrigatorias da Directiva Marco da Auga que o propio ciclo da auga se autosustente economicamente xa non só no seu servizo, senón tamén na depuración das augas, polo tanto isto non é un imposto recadatorio, é un imposto finalista, todos os cartos que se recaden a través do canon irán destinados a obras e infraestruturas no que son saneamentos e traídas de augas feitas pola Xunta de Galicia, vostede sábeo pero quere omitilo, entón fai a típica demagogia de intentar confundir dicindo que pola vía de subida doutros impostos se podía compensar esta lei. Eu agardo que vostede ou se informe un pouco ou non engane a todos os veciños. É radicalmente falso a afirmación que neste sentido acaba de facer vostede, o canon é un canon finalista e polo tanto todo o que se recade ten que ser destinado á mellora de infraestruturas hidráulicas e de saneamento e ademais non pode ter outro fin, nin é compensable a través da subida de ningún imposto nin directo nin indirecto, porque a Directiva da Auga e a UE así o esixen, e vostede sábeo, o que pasa é que é máis fácil crear certas expectativas e enganar. Outra mentira, e van tres, que se incrementa maioritariamente nos usos domésticos con menos persoas por vivenda, falso, e é radicalmente falso, a Lei de augas establece unha tarifa por tramos prima especialmente os fogares que teñan menos consumo de auga e quedarían exentos aproximadamente un 30% dos fogares que non terían que pagar o canon da auga, moitos deles que non o están pagando agora e outros moitos que si os están pagando e pasarán a non pagalo, iso tamén é outra realidade que aparece na Lei de augas e que vostede omite por ese interese partidista de trasladar esa responsabilidade e facer unha lectura extremadamente sectaria do que é a Lei de augas de Galicia. Falso tamén outra mentira, que non se consultou aos concellos, falso de toda falsidade, e volve a caer vostede na cuarta mentira do seu argumento, hai unha representación dos concellos en Galicia e en España, non anterior, cando debatemos determinados aspectos que influían nos Orzamentos Xerais do Estado, vostede asumiu como representativo dos concellos os ditames que saían da FEMP e da FEGAMP, asumíunos como propios e dixeron incluso que se adaptaban a esas directrices porque eran o máximo órgano representativo dos concellos, a FEGAMP foi consultada na tramitación deste proxecto de lei ata en tres ocasións houbo creada unha comisión específica para debater ese proxecto de lei, a FEGAMP incorporou determinados aspectos e moitos deles ademais máis restrictivos do que era a propia lei, no caso concreto do que eran as traídas privadas e dos pozos individuais que cada propietario tivese no rural e aí dicían que se creara un agravio comparativo, cun servizo que debería ser universal e que eses pozos e esas traídas de auga non tivesen que pagar o canon da auga e a propia FEGAMP, representante dos concellos foi a que se manifestou neses extremos, polo tanto, falso e cuarta mentira que os concellos non participasen na elaboración deste proxecto de lei. Tamén é falso, intencionadamente falso que van pagar todos os veciños que teñan captacións propias, é mentira e falso e a vostedes interésalles trasladar esa mensaxe pero o que teñen que saber os veciños é que vostedes están faltando á verdade. Os veciños que teñan captacións propias nin van ter que pagar o canon nin van ter que poñer contadores homologados nin van ter que soportar multas de 30.000 € eu entendo que esa mensaxe para poder activar á cidadanía en determinadas reunións pode funcionar, pero cando vén debater a un Pleno serio, con persoas ou representantes políticos que saben de que falan, ten que ter vostede algo máis de sensatez á hora de facer determinadas afirmacións, e sabe vostede que non van ter que pagar, e iso é unha garantía no trámite parlamentario do proxecto de lei no Parlamento, nin van ter que pagar as

captacións propias nin instalar contadores homologados nos pozos particulares nin soportar multas de 30.000 € a non ser que a propia administración que terá competencias nisto, Augas de Galicia, estime que por determinadas situacións extraordinarias, sexa obrigatorio instalar o contador homologado e o propietario incumpra reiteradamente esa obriga neses casos especiais e puntuais, non de forma xeneralizada, polo tanto volve vostede a faltar de forma intencionada á verdade. Despois, tampouco falan a verdade cando di que se castigan os propietarios particulares e se deixan sen penalizar os usos industriais, é radicalmente falso, sabe vostede que aquí se crean dous tipos de canon, o canon ao coeficiente vertido e o canon da auga e as actividades industriais pagarán pola cantidade de vertido que teñan ás redes de saneamento e pagarán ademais pola contaminación que esas augas que utilizan vertan ás redes principais e saben ademais que se van penalizar de forma excepcional as actividades industriais que consumen máis auga, iso tamén o saben pero non o queren contar e o que se está intentando buscar é traer unha normativa obrigatoria da UE e adaptala á lexislación actual que temos en Galicia e iso evidentemente trae uns trastornos que causan certa preocupación e ademais cónstame que algunhas forzas políticas máis cá outras preocupalles solucionar este tema e a outras máis cá unhas preocupalle embarrar o terreo de xogo, pero o certo é que é obrigatorio, que non é substitutivo que non podemos aumentar un imposto para deixar de cobrar o canon, non é verdade é imposible e vostede sábeo porque a propia Directiva Marco da Auga di que quen consume auga, que é un ben público, ten que facer fronte aos custes do seu uso, do seu mantemento e do seu vertido e iso dio a propia Directiva Marco di que se establezan uns criterios determinados para garantir que isto se cumpra de forma universal. Pero como dixen antes, unha vez desmontados e dados por falsos os argumentos que ten o BNG, nós vimos con toda vontade negociar e dialogar. Creo que a ninguén se lle pode escapar e creo que todos os que estamos aquí presentes o sabemos, quen aproba a lei é o Parlamento Galego, a Xunta de Galicia non ten competencias para aprobar unha lei, a Xunta de Galicia envía unha orde onde se comunica que hai que iniciar o trámite e un borrador do proxecto de lei e é no Parlamento de Galicia onde esa lei se debate, se lle presentan as emendas oportunas, eu creo recordar que o PP ten presentadas 27 emendas, o BNG ten presentadas 29 ou 30 e o PSdeG – PSOE 105 ou 110. Nese trámite parlamentario créase unha ponencia con representantes de cada forza política e vaise desenvolvendo artigo por artigo no que é o desenvolvemento da lei, débátese cada un dos artigos e mellórase na medida das posibilidades, e mellórase cunha condición clara que eu creo que alí ou polo menos no Parlamento Galego todo mundo ten claro que é o que se ten que buscar con este proxecto de lei e é algo que non discute o BNG tampouco que é respectar as directrices que marca a UE en materia de auga, respectalas porque é obrigatorio e ademais axustalas e adaptalas o mellor posible á situación demográfica, xeográfica e ás características propias do noso territorio, Galicia é un territorio que ten unhas características moi específicas e polo tanto non vale unha lei xenérica senón que temos que axustala e traballala para que esa lei se axuste ás necesidades e á realidade das nosas parroquias, dos nosos veciños e das súas demandas, polo tanto nese trámite é onde está o proxecto de lei, actualmente está en inicio de tramitación parlamentario, os grupos políticos debaterán sobre ela, nós creo que o que debemos facer é buscar un posicionamento común, eu quero e o PP quere que a nova lei de augas sexa o máis beneficiosa para todos os veciños, tanto do casco urbano como do rural, cremos que hai que intentar poñer en marcha esta lei de augas co menor custo posible e nesa liña creo que moitas das emendas que están presentadas ao texto van dirixidas a buscar esa finalidade, polo tanto empezamos mal coa moción do BNG e dende logo, é como se agora o PP trae a este Pleno que tomemos o acordo de que o Goberno do Estado retire a Lei de Orzamentos porque lle baixa a pensión aos pensionistas ou lle baixa o soldo aos funcionarios ou sube dous puntos o IVE para todos os produtos de primeira necesidade que estamos consumindo, é tan ilóxico e tan fóra de lugar que dende logo o Concello da Estrada en ningún caso debemos caer no descrédito de tomar un acordo que interfira nunha institución como é o Parlamento de Galicia que ten unhas determinadas obrigas e que ten que cumprir con elas, que son o trámite dos proxectos lexislativos e iso correspóndelle ao Parlamento, polo tanto me parece fóra de lugar que nós tomemos este acordo aquí que anulen e boten para atrás a tramitación da Lei de augas como se nós lle dicimos ao Goberno do Estado que retire a Lei de Orzamentos do ano 2011 porque son prexudiciais para o 99% dos veciños de España, é realmente fóra de sentido e dende logo os acordos pódense tomar os que se queiran pero non ten ningún fundamento nin sentido, a non ser que se busquen outro tipo de finalidades.

Dito isto, tamén isto non está a pasar só en Galicia, o Goberno do Estado adaptou a súa Lei de

augas á Directiva Marco Europea, xa está adaptada dende o 2003, as CCAA practicamente na súa totalidade están adaptadas á Directiva Marco da Auga, practicamente todas e pódollas enumerar dunha forma bastante rápida e dende logo cunha solución que eu creo que é bastante peor que eu creo que é a que se vai adoptar en Galicia e ademais CCAA non sospeitosas de ser gobernadas polo PP, Cataluña, Asturias, Baleares, Aragón, Cantabria, La Rioja, Navarra, País Vasco, Valencia, todas esas CCAA xa teñen adaptada a súa lexislación en materia de augas á Directiva Marco da Auga e polo tanto non o fixeron por gusto, fixérono por obriga e intentárona adaptar dende a súa realidade, está claro que a realidade de Andalucía ou a de Valencia ou Murcia, non é a mesma que temos en Galicia e por aí é por onde debemos intentar chegar a un acordo para que no trámite parlamentario as tres forzas políticas melloren o texto todo o posible e se faga unha lei que realmente recolla as demandas e necesidades dos nosos veciños que son os que ao final disfrutan do servizo e os que van ter que facer fronte aos custos e á xestión dese ben primario que é o acceso á auga. Temos polo tanto que repercutir e así o obriga a UE, os servizos relacionados coa auga, incluídos custes ambientais, temos que cumprir esa normativa europea, que ademais é unha normativa que vén abalada pola solidariedade ambiental, porque todos os usuarios que utilizamos auga, que ao final é un ben común e un ben de interese xeral, principal, temos que conscienciar e contribuír ao uso racional e sostible do ciclo da auga, é verdade que en Galicia temos gran cantidade de auga pero temos os nosos mananciais en moitos casos bastante precaria e debemos facer un esforzo para mellorar xa non só o que son as condicións da auga senón tamén as condicións de acceso ao saneamento que está directamente implicado a ese deterioro das nosas augas e polo tanto temos que facer entender ao Parlamento Galego a través dun acordo de todas as forzas políticas que esta lei discrimine positivamente ao rural, que esta lei estableza os mecanismos xenéricos para todos os que teñen os seus servizos garantidos, como son a traída de augas municipal e como son as redes de sumidoiros municipais e polo tanto teñen que contribuír, como así o están a facer ata o de agora, pois temos que recordar que este canon xa se está a pagar na actualidade para aqueles usuarios que teñen xa o servizo de abastecemento de auga e servizo de saneamento pero temos que buscar unha discriminación positiva cara o rural. Os veciños do rural, nunha gran maioría non poden ter acceso a eses servizos e polo tanto o que temos que conseguir é que a lei dunha maneira clara posibilite que o rural non teña que facer fronte ao pagamento deste canon nin facer fronte ao pagamento deste imposto e non tendo mellorado o seu servizo de abastecemento de augas nin de saneamento, polo tanto ao carecer de servizos básicos debemos facer un esforzo, pero isto non pasa só co canon da auga, pasa tamén e podémolo ver por exemplo nun concello o que pasa co IBI que é un imposto ao que está suxeito todo propietario a facer fronte ao pagamento pero que realmente non ten os mesmos servizos e non debe pagar o mesmo un IBI unha persoa que vive no rural que a que vive no casco urbano, que é o que se fai e o verdadeiramente establecido, fixar uns sistemas de corrección para que o rural pague proporcionalmente moito menos que un veciño que está nos casco urbano e que ten todos os servizos, iso xa está establecido noutros tributos municipais, funciona nesa forma discriminando positivamente ao rural e axudando ao rural a soportar os custos dun imposto que non ten os servizos correspondentes e polo tanto no canon da auga debemos esforzarnos por conseguir que ao final se cumpra esa correlatividade de entre o rural e o urbano. Ademais o canon da auga tal cal está exposto, a expensas do desenvolvemento normativo, vai ser o segundo máis barato de toda España de todas as CCAA españolas despois da Rioxa, vai ser o máis barato de todas, e dígoo e repítoo outra vez, todas as comunidades autónomas teñen a disposición a Directiva Marco da Auga e será a CA de Galicia a segunda máis barata. Ademais hai un aspecto que eu creo que nos preocupa que é o aspecto do que vai pasar cos pozos de auga e coas captacións propias, que é un tema que a quen desenvolveu a lei lle preocupa e que agora mesmo está en pleno debate. Está claro que unha persoa que asume con recursos propios a construción dun pozo ou unha traída privada non pode ter dende logo a mesma repercusión que unha persoa que recibe ese servizo de forma pública, pero é que iso está recollido e está pensado no que é o trámite legal para poder solventarse dunha forma, que como dixen ao principio, desmontando as mentiras reiteradas da voceira do BNG as vivendas con captacións de auga van quedar exentas do pagamento do canon, iso é o primeiro aspecto que eu creo que debe quedar claro e alto, e ademais verémolo e veremos quen falta á verdade e quen non, os pozos e as captacións propias quedarán exentas do pagamento do canon e non terán que instalar contadores homologados, ese é o primeiro tema que ten que quedar claro e ademais todas aquelas que se considere que deben facer fronte ao pagamento do canon como poden ser as captacións colectivas como as comunidades de regantes ou as comunidades que se

crean para captación propias, poderán rexerse polo método de estimación obxectiva, non terán que instalar contadores homologados e simplemente se lles computará o canon en función do consumo e do número de habitantes que existan na vivenda, bonificado nun 80%. Hai un aspecto que é moi importante tamén a destacar e que está introducido no trámite legal que é unha disposición transitoria que establece que cando por efectos do propio tributo da xestión tributaria, ou ben po efecto das bonificacións establecidas o importe a pagar resulte antieconómico, a Xunta e o propio conselleiro que ten as competencias pode eximir e eximirá do pagamento a eses propietarios do canon da auga e dende logo, con esa bonificación do 80% que se vai facer nas traídas comunitarias e na exención, que non van pagar os propietarios con pozos particulares, polo tanto practicamente a repercusión vai ser nula, non vai haber repercusión ningunha, pero si é certo que hai un tema que ten que quedar claro, hai un sistema de tarifas, que así o esixe a Directiva Marco, un sistema gradual que hai que facer en función das persoas e do consumo e é certo que no primeiro tramo, que é outra das mentiras que contou a voceira do BNG, nos primeiros tramos onde hai menos consumo é onde menos repercusión ten o canon da auga con moitísima diferenza, incluso naqueles sitios onde xa estaban pagando o canon, vai resultar inferior ao que están pagando actualmente, esa é a realidade da normativa que se está a tramitar e dende logo eu creo que é conveniente deixalo claro e é importante. Aínda que no seu momento non se chegou a presentar no Parlamento, o Consello da Xunta bipartita aprobou un borrador de lei para adaptar á normativa europea a Lei de augas de Galicia, no seu momento non lle deu tempo porque perdeu o goberno, pero si tiñan o borrador aprobado no Consello da Xunta e xa tiñan as directrices que ían marcar, decididamente cal ía ser a nova Lei de augas que quería ter o bipartito. E saben vostedes cales eran as directrices que marcaba o bipartito coa nova Lei de augas que quería presentar e tiña aprobada no Consello da Xunta de Galicia, que non estaba nun caixón estaba aprobada, crear tres tributos que afectaban directamente ao consumo de auga, un tributo imposto ecolóxico sobre a auga, de aplicación universal a todos os que consumisen, tivesen pozos particulares, traídas privadas ou comunitarias, a todos imposto ecolóxico sobre a auga, primeiro tributo que era obrigatorio pagar para todos. Segundo tributo a taxa de adución que lles correspondía xestionar aos concellos nos casos nos que houbera os servizos necesarios e que prestase o concello eses servizos, e terceiro tributo a taxa de depuración, que tamén sería e requiría sobre os propietarios ou sobre os propietarios de mananciais ou traídas privadas, tres tributos sobre a auga que establecía o bipartito, aprobado no Consello da Xunta antes de deixar o goberno, polo tanto eu creo que é conveniente chegar a un acordo, este debate está cargado de demagogia e mentiras, cada un dende logo e grazas á documentación e os papeis, as mentiras teñen patas moi curtas e o BNG está facendo unha utilización perversa, porque no seu caso o seu proxecto de lei era bastante máis prexudicial e perigoso para vos veciños do rural e gravaba bastante máis o imposto que vai poñer en marcha o PP e que vai eximir os pozos privados, as traídas e dende logo vai bonificar dunha maneira considerable os consumos de todos os propietarios, obrigado por unha normativa europea de obrigado cumprimento en Galicia, polo tanto se queren transaccionar e queren buscar a mellorar o proxecto de lei, aí atoparán ao PP, se queremos poñerlle os deberes ao Parlamento Galego para que adapten esa normativa e a axusten ás realidades do noso concello, aí atoparán ao PP, se queremos quitarlles un problema aos veciños para que non teñan que pagar polas súas captacións privadas, polas súas traídas comunais e feitas con recursos propios, aí atoparán ao PP, nesta liña estarán, se queren enganar, mentir e obrigar ao Parlamento a retirar un proxecto de lei, o que non é competencia deste Pleno, aí non atoparán ao PP.

Sr. Reboredo Baños: Boa noite, sendo conscientes do problema que se expón a todos os cidadáns coa entrada en vigor dunha nova Lei de augas e despois de compartir moitas exposicións que fixo o voceiro do PP, eu non vou ser reiterativo en moitos deles, pero si quero facer unhas reflexións e en primeiro lugar deixar moi claro que estamos diante dun anteprojecto de lei e polo tanto estamos diante dun período de tramitación parlamentaria, polo tanto o documento que se tramite nese Parlamento é susceptible de incorporarlle melloras substanciais que beneficien aos veciños non só da Estrada, e polo tanto todos os grupos políticos que teñen representación parlamentaria, todos os cidadáns poden facer achegas igual que as administracións. Polo tanto pedir a retirada do anteprojecto de lei eu creo que o Goberno non é a opción máis axeitada, por dúas razóns fundamentais, primeira porque retiramos un proxecto de lei que xa está en información pública dende o 20 de agosto que vai estar ata creo que é o 28 de febreiro, coa posibilidade que os concellos, a FEGAMP e os

veciños presenten emendas, igual que os partidos do Parlamento, e polo tanto estamos diante dun documento aberto e participativo, moi ben, aceptamos a moción, retiramos o anteproxecto, e ¿que gañamos? Atrasar o problema, pero se o atrasamos ata cando, ¿ata o mes que vén?, e presentamos outro que poderá ser mellor ou peor pero hai que presentar outro proxecto, iso é a segunda razón, está afectada pola Directiva Marco Europea e polo tanto é de obrigado cumprimento, non nos vai solucionar o problema retirar o anteproxecto de lei. Poñía o compañeiro o exemplo do que está a pasar noutras comunidades autónomas, o que eu traio aquí para ilustrar, a lei 9/2010 do 30 de xullo en Andalucía. Collín tres obxectivos dos sete ou oito que ten, e di vouna ler en castelán porque está en castelán. Cumprir as obrigas derivadas da Directiva Marco Europea de augas sobre recuperación de custos asociados á xestión da auga. Segundo obxectivo, establecer uns bloques tarifarios homoxéneos que xenere igualdade de trato aos usuarios da auga. Terceiro obxectivo, incentivar a través das tarifas e cánones da auga a eficiencia e uso racional deste ben. Artigo 90. O canon no caso do uso doméstico contará con factores de corrección en función da unidade familiar. É dicir que lle podemos dar as voltas que lle deamos pero ao final temos que buscar un encaixe legal para estar dentro da normativa europea, por iso nós pensamos que abordar esta moción así aquí non ten ningún sentido e eu fixen na comisión correspondente fixen unha emenda que non se chegou a votar na que buscaba un consenso para tratar de achegar algo positivo a esta nova situación e eu propoño dúas vías. A primeira, instar á Xunta de Galicia que na tramitación do anteproxecto de lei se promova a participación pública e o diálogo coa FEGAMP, porque nos representa a todos. Segundo punto, instar ao Goberno galego e aos grupos parlamentarios que fagan un esforzo para que o texto definitivo resultante teña en conta o carácter singular dos pozos e traídas veciñais que non conten con sistema de depuración, saneamento, de xestión pública, introducindo factores de corrección para solventar ese problema. Outra vía, se non se quere aceptar esa, tirar co proxecto de lei non nos conduce a nada e eu propoño en todo caso debater, volver á comisión correspondente sexa de Medio Ambiente ou de Organización, crear un grupo de traballo dentro desa comisión e analizar en definitiva as 14 ou 15 páxinas que son fundamentais na tramitación da lei, o capítulo 4º “Política de recuperación dos custes e servizos”, aí é onde está tarifado diríamos, analizaríase todo, pero isto é o que lles vai afectar aos veciños. facer ese grupo de traballo e levar unhas propostas en positivo, é dicir, manifestar o que dende a Corporación da Estrada queremos que contemple a lei, para que tanto dende a FEGAMP como no seu trámite de alegacións tamén se inclúa e en todo caso tamén ao Goberno galego para que as teñan en conta, e eu creo que é a única vía, porque chegar agora aquí dicindo “opoñémonos á lei da auga”, imos tirar co anteproxecto de lei, e cal é a solución, pasado mañá temos o mesmo problema, pois traballemos en positivo, nós queremos que os veciños da Estrada se vexan modificados nestes puntos, e eu creo que isto é o positivo, polo demais digo que non nos conduce absolutamente a nada, se hai propostas de consenso mellores ca esta, asumímolas e senón nós propoñemos que se voten e de non votalas imos absternos porque entendemos polas razóns que dixemos, porque entendemos que as razóns expostas na moción, non soluciona os problemas aos veciños da Estrada aprázao quince días, un mes, tres meses, medio ano, pero ao final hai que pasar polo aro como están a pasar todas as CCAA, polo tanto sexamos serios e positivos, traballemos en beneficio dos veciños da Estrada, esforcémonos todos e elaboremos propostas que faciliten esa mellora para os nosos veciños. non vou intervir na segunda intervención porque nós témolo moi claro o que imos votar.

Sr. Espiño do PSdeG – PSOE: Dende logo, dicía o señor López que mal empezabamos e na liña que seguimos empezamos mal pero imos acabar peor, porque evidentemente aquí as palabras terxivérsanse, manipúlanse, utilízase a semántica como convén intencionadamente con demagogia, falacia non pero case, eu creo que facer de carpinteiro en plan Gepetto para construír pinochos porque está o Pleno a rebosar, non é mellor que podemos facer, creo que as palabras deben medirse e utilizarse no seu xusto termo e quero dicir que en calquera caso hai que ser respectuoso cos outros grupos, cos outros posicionamentos e asumir tamén as palabras propias de cada un nas formas en que as di, e vou seguir debullando algunhas delas, digo que en primeiro lugar agradecer certo énfase moderado na busca de consenso, era o que tiña que terse buscado precisamente na elaboración da lei, e en primeiro lugar Sr Reboredo permítame que o aluda persoalmente porque foi vostede quen falou dos prazos, pois o Sr. López Campos no falou para nada diso pero vostede si dos prazos, pero esta lei o Sr. Núñez Feijoo no seu discurso de investidura, supoño que o Sr. López Campos estivo no mesmo, anunciou a bombo e platillo que en tres meses ía ter unha nova lei de augas adaptada á Directiva Marco europea,

pois por sorte vai tardar máis de 18 meses, creo que foi no discurso de investidura, por xuíño un mes e pouco despois en xullo creo que foi anunciado que o anteproxecto da lei estaba elaborado, cando realmente o único que había era un informe do conselleiro sobre a necesidade desta nova lei. En outubro de 2009, remítome aos medios de comunicación e ao que había, a agora non valen os medios de comunicación. En outubro de 2009 o propio conselleiro presenta un anteproxecto sen ser aprobado polo Consello da Xunta, que non é prescristivo, eu agradeceríalle a vostede sobre o trámite parlamentario que debe seguir unha lei, todos sabemos as funcións lexislativas, as executivas tamén as sabemos, pero quen fai os borradores e as propostas correspóndelle á Xunta de Galicia previa aprobación do seu Consello.

Sr. Alcalde: Sr. López, a vostede non o interrompeu ninguén durante a súa intervención, polo que lle rogo que manteña silencio mentres que o Sr. Espiño fai a súa.

Sr. Espiño do PSdeG – PSOE: O que se afirma é que foi consultada a FEGAMP, dúas ou tres veces e xa se viu a imposibilidade de chegar a acordos, e foron consultados os concellos, este concello non foi consultado en absoluto, pero sexa cal sexa o trámite que se segue, e os mecanismos que se debesen seguir, vostede fálanos dunha lei que non se esforzou mesmo en expoñer as bondades da mesma, porque hai que poñerse colorado para dicir que esta lei é beneficiosa, todos sabemos que temos que adaptarnos á directiva marco, por imposición, pero para ser unha lei en Galicia hoxe, coa inclemencia climática de hoxe ter que estar discutindo sobre a problemática da auga parece un paradoxo, pero evidentemente, esta lei nin sequera avalía os recursos e os usos que hai da auga en Galicia, mire o obxectivo se le no preámbulo da lei, soamente di que é necesario ter un marco lexislativo para recadar, así se define o que é esta lei, unha lei de recadación única e exclusivamente, mire non deixa de ser un eufemismo por adaptación á Directiva Marco para crear un novo imposto, e increméntase de forma abusiva e desproporcionada algunhas cantidades, e aquí saían cifras dalgunhas CCAA que o Sr. López Campos nos dicía que despois da Rioxa iamos ser a segunda comunidade máis barata, e o Sr. Reboredo facía referencia á de Andalucía, pois mire unha familia de 3 membros en Galicia, vai pagar ao ano 61,44 € nun consumo estándar medio, unha familia de 3 membros en Andalucía vai pagar 28,13 €, esa é a diferenza e imos pagar un prezo semellante ao de Murcia cunha desalinizadora, esa é a realidade son datos que teño sacados da propia lei, non me diga que é falso, cando me presente outros datos cotexados entón diga que é falso, porque non me valen así, o que está claro é que en Andalucía son 28,13 €/ano sacados dos propios parámetros, e senón colle o tramo 1 de consumo de 2 m³ por mes, dígame vostede que casa que unidade familiar dunha persoa soa consume 2 m³ ao mes é a que está con 0 € é dicir, non se bonificaría ninguén, ou non se ducha ou non está na casa, e vostede está confundido, cambiamos un canon de saneamento por un canon sobre a auga e duplica e triplica en moitos casos ese propio canon. Tamén se ampara vostede na Directiva Marco da auga, e non é certo, non contempla por exemplo na utilización sostible dos recursos, non protexe os sistemas hídricos, non contempla nin sequera a protección e contaminación do medio ambiente, non fai referencia ás zonas inundables nin ás zonas protexidas, non fai referencia a épocas de sequía como as que temos con frecuencia aquí a pesares dos invernos anegados como temos moitas veces, tamén temos uns veráns que evidentemente provoca grandes sequías, non contempla iso e non regula o regadío que tamén ten os seus usos agrarios e agropecuarios, e logo non me veña con que se dialogou con outras administracións, non se dialogou cos concellos, non se dialogou nin se fixo unha busca de consenso para o mesmo e ademais trasládaseselles aos alcaldes e alcaldesas a potestade recadatoria, son os que teñen que dar a cara ante os veciños por un imposto que vén marcado pola Xunta de Galicia e dígolles, mire esta lei é unha mentira, non lle chamo mentiroso a vostede, á lei, porque é mentira que haxa cidadáns que teñan auga gratis e acabo de poñerlle un exemplo de a ver quen consume 3 m³ ao mes, ninguén, ou non reside. A media estandarizada de consumo de auga neste país está por riba dos 4 m³ ao mes, e é mentira que induza ao aforro no consumo, pois onde máis beneficia precisamente con excepción é nos tramos máis altos de consumo e é mentira que haxa un canon progresivo, que xa está no canon de saneamento e agora dúplícase e triplicase os impostos que teñen que pagar os veciños e é mentira que sexa novidoso, non é novidoso a lei, evidentemente sabemos que hai adaptarse á lei marco, pero non co gravame que hai aquí, e é mentira ao que vostede facía referencia do carácter finalista, pois tamén era de carácter finalista as leis do 91 e 2003 onde todo o recadado tiña que ir para infraestruturas de saneamento e a realidade témola aí, a Xunta de Galicia do goberno do PP incumpriu sistematicamente as directrices da UE en materia de

saneamento e vostede sábeo, senón mire canto se recadou polo canon de saneamento e a ver canto se investiu en infraestruturas, e senón compáreo coa Estrada, cando as directrices da UE dicían que no horizonte do 2015 tiña que estar saneado a totalidade do territorio, apañados imos, eu creo que dous séculos máis podería ser, con esta política. E dende logo xa lle digo incúmprese e respecto do que me dicía vostede de que ningún dos veciños do rural vai ter que pagar pídolle que me diga en que articulado da lei fala desas exencións, eu lina por riba nada mais, non son legulello, pero non a atopei en ningures, e respecto de que ninguén vai ter que poñer contador, con data maio de 2010 determinados medios de comunicación e non vin ningunha contestación en contra, falaba que os veciños do rural, que non contemplaba ningunha excepción para os núcleos de menos de 2.000 habitantes, ían ter que colocar máis de 620.000 contadores novos nas redes de abastecemento, e eu non vin contestación ningunha a iso. Teño a palabra eu, cando acabe eu siga vostede. Mire, en calquera caso, entendemos que a auga é un recurso vital para o mantemento da vida, da natureza, que é un recurso económico, social e ambiental e que dende logo é necesaria unha lei que a regule, pero todos os ámbitos da auga, non exclusivamente os recadatorios e fiscalizadores, porque non é un imposto progresivo nin equitativo, porque vai gravar a aqueles que máis prexudicados estiveron, e dígame vostede onde está que aqueles veciños do rural, que financiaron cos seus propios fondos e recursos económicos a partires dos anos 50 e 60 conducións de auga, captacións, potabilizacións, pozos propios que teñen que ademais mantelos cos seus propios recursos, cada vez que hai unha avaría no motor, na captación, dígame vostede onde está na lei a posibilidade desa excepción, e non me diga que está en trámite, claro que está, pero non me subtraia a capacidade desta Corporación de adoptar un acordo de pedirlle á Xunta de Galicia que retire ese borrador que consensúe coas forzas políticas, porque creo que estamos todos de acordo da necesidade dunha lei reguladora integral, pero de todos os usos e de todos os recursos e non lle negue a esta Corporación a capacidade de formular a súa queixa, pois somos un concello eminentemente rural e serían os máis agraviados dende ese momento que financiaron con fondos propios o seu abastecemento domiciliario, pero tamén os do casco urbano que contan cos servizos de saneamento e abastecemento van ver agravado, duplicado ou triplicado o prezo, o recibo do seu consumo de auga, por iso incluso como un organismo claro o Consello Económico e Social nos momentos de crise económica como no que estamos di que era necesaria unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre o conxunto da cidadanía na situación actual. Falen vostedes cos seus representantes no Consello Económico e Social e verán que este acordo foi asumido alí, e a propia FEGAMP cando vostede di que se negociou chegou a bautizalo como a Lei de ordenación tributaria dos servizos de abastecemento e saneamento, polo tanto non máis mentiras nin eufemismos, usemos os termos na xusta medida e dende logo digamos que este touro volva a chiqueros, que o devolvan renegociado e consensuado e dando achegas a toda a comunidade social. Estas leis teñen que ser moi consensuadas moi avaliadas e dende logo cunha recepción social integral, e nestes termos agradézolle ao Sr. Reboredo a proposta de acordo. Non é tarde que nos importa un mes ou dous máis se o Sr. Presidente dicía que a ía ter en 3 meses e van alá 18, polo tanto os prazos son os que menos nos preocupa e garantías de que a maioría do PP na Xunta de Galicia atendan ás emendas da oposición, veña o demo e me colla, porque ogallá atendan as emendas da oposición e saia unha lei consensuada e aceptada por toda a cidadanía galega.

Sra. López Doce, do BNG: Eu creo que fun en todo momento bastante clara, non sei de onde sacou as súas apreciacións o voceiro do PP, creo que o Consello da Xunta está integrado polo presidente do Goberno e os conselleiros/as que compoñen o Goberno, tamén creo que o PP ostenta o Goberno galego, creo que non hai ningún outro partido cogobernando co PP, entón o anteproxecto de lei da auga foi aprobado polo Consello da Xunta do 27 de maio e remitido ao Parlamento, en ningún momento o BNG fixo outra afirmación, entón é unha lei do PP eu non sei onde aprezou o voceiro do Grupo do PP desta Corporación que o BNG distorsionaba a realidade e non sei como cualificalo, porque tería que dicirlle agora a vostede que mente porque sería o propio. Exento non está ninguén porque non pagan a parte variable do canon os que teñan un consumo inferior aos 2 m³ pero a parte fixa pága todo o mundo, para os que non teñan ese consumo son 50 céntimos mensuais, 6 € ao ano, todo o mundo paga, non hai ninguén exento, dígame vostede que artigo, porque eu estoume baseando nos artigos non en hipóteses nin suposicións. O BNG está representado na FEGAMP e nós non temos coñecemento da negociación cos concellos, non sei se hai algún pronunciamento da FEGAMP algunha comisión, non lle vou discutir do que non teño probas, do que teño probas si, o que me parece

curioso é que vostede tendo afirmado na Radio Municipal hai dous días que era mentira que este canon non se ía aplicar aos pozos nin ás traídas particulares, aquí admitiuno, logo negouno, eu non sei a que xoga vostede, agora neste Pleno manifestou que cobrarlles ás captacións particulares e ás traídas veciñais fora unha iniciativa da FEGAMP, todo se pode probar, todo ten actas e pódense documentar os feitos, a cuestión Sr. López é que tal e como está o anteproxecto da lei di que o feito impositivo é o consumo real ou potencial da auga de calquera procedencia con calquera finalidade e mediante calquera aplicación, mesmo non consuntiva, por causa da afección ao medio que a súa utilización puidese producir considerándose incluída dentro de dita afección a inclusión de contaminantes nas augas, leo o art. 45 da páxina 79 do documento de traballo do Parlamento Galego. Ese era o epígrafe 1 e no 3 o canon esixírase tanto polo uso ou consumo da auga facilitada por entidades subministradoras, é dicir casos dos concellos que son os subministradores principais aínda que o servizo pode estar privatizado, como polo uso ou consumo da auga en réxime de concesión para abastecemento ou procedente de captacións propias, superficiais ou soterradas, incluídos os consumos de augas pluviais e mariñas que efectúen directamente os usuarios. Esta lei é tan respectuosa, está tan acorde coa Directiva Europea da Auga que ata cobra o canon pola utilización da auga da chuvia, epígrafe 3, art. 45 páxina 78 Sr. López, pode buscalo no seu documento. O tema dos contadores, art. 48 para que me vaia seguindo punto 2 a determinación da base impositiva realizarase con carácter xeral, afirmación que vostede acaba de negar, en réxime de estimación directa, mediante contadores homologados a estes efectos os usuarios están obrigados a instalar e manter ao seu cargo un mecanismo de medición directa da auga efectivamente usada ou consumida; punto 3º os usuarios que non dispoñan dun mecanismo de medición directa poderán acollerse ao sistema de estimación obxectiva, a estes efectos estimarase que o usuario se acolle ao sistema de estimación obxectiva, é dicir o cálculo a ollo, cando unha vez transcorridos seis meses dende a entrada en vigor desta lei non dispoña de mecanismo de medición, o que pasa Sr. Reboredo, aproveito para citalo a vostede, non se pode quedar un no capítulo 4 que fala do tributo, fala do canon da auga e do canon do vertido, hai que ler toda a lei porque isto é bastante complicado, de tal xeito que o dos contadores aparece nomeado en máis sitios desta lei, e se nos imos ao art 84 ou infraccións leves que despois nos artigos seguintes están sancionados con ata 30.000 €, que tamén dicía o voceiro do PP que o BNG o inventou, o que pasa é que lemos o incumprimento do deber de instalar o contador homologado, iso é sancionable ata 30.000 € art. 84 páx 126 do documento Sr. López. Falaba vostede da actividade industrial, esta lei é tan xusta que establece na parte fixa do canon da auga para uso doméstico a parte xeral euro e medio, para as explotacións agrícolas ou doutro tipo que teñan que pagar dous euros e medio, establece tamén dous euros e medio de cota fixa por exemplo para aproveitamentos hidroeléctricos para piscifactorías e para factorías como por exemplo ENCE en Pontevedra, iso é a xustiza a cota fixa de dous euros e medio igual para todo o mundo. Teño que darlle un dato en canto ao uso industrial neste momento ENCE está consumindo (é que me confundín de táboa, no BNG tomamos isto en serio e estivemos facendo os cálculos, como dicía o Sr. Espiño voceiro do Grupo Socialista en función dos datos que veñen na lei, non en hipóteses que vostede manifesta verbalmente aquí neste Pleno). ENCE está consumindo neste momento 1.190.594 m³ mensuais e paga ou tería que pagar porque non se sabe canto paga 417.898,49 €, iso co canon de saneamento, e pasa a pagar co canon da auga 501.204,57 € cun incremento do 19% cando un fogar cun consumo dunha persoa na vivenda consumindo 6 m³ pagaba co canon de saneamento 1,25 € é dicir 15,20 € ao ano e agora vai pagar 2,78 € ao mes, 33,36 € ao ano máis do dobre Sr. Campos, eu non sei como fixeron vostedes as contas, posiblemente coa mesma seriedade e rigor que leron a lei. Insistiu moito vostede en que isto era imposición da normativa europea e nós pedimos na moción que se aplique a normativa europea por moitas cuestións, unha delas citábaa vostede, fala de que hai moitas fontes contaminadas onde se realizan as captacións, unha das cuestións que inclúe e Directiva Europea da Auga é a obriga que ao PP non lle interesa e non o incluíu na lei evidentemente, de realizar a localización e o censo daquelas fontes onde se realizan as captacións para consumo humano para evidentemente protexelas, iso non está incorporado nesta lei, igual que tampouco está incorporado un capítulo dedicado aos fenómenos meteorolóxicos extremos, é dicir períodos de sequía ou a problemas de inundacións, iso tampouco está incluído na lei. Falaba vostede de que era unha lei adaptada á realidade, e xa comentou o voceiro do PSOE a adaptación que ten, e vostede mesmo comparábanos ou recordábanos a recente aprobación da lei da auga andaluza e facendo as táboas comparativas canto se paga alí e canto se paga aquí, en Andalucía coas diferenzas que hai entre Andalucía e

Galiza, creo que vostede citaba a aprobación das leis, que todas se actualizaban e demais, eu non o recordo perfectamente pero a lei andaluz, a o que fai é establecer un mínimo que non son 2 m³ no que si está exento do canon, entón eu creo que todos os seus argumentos quedan absolutamente desmontados, nada do que afirmou o BNG, o que nós dicimos é o que di literalmente na lei, non hai ningún tipo de apreciación e o dos mecanismos de corrección no rural xa tamén iso é para nota; esa bonificación da que fala vostede supoño que se refire ao art. 53 punto 6 no que di “nos supostos de comunidades de usuarios legalmente constituídas así como nos usos domésticos definidos nos artigos 242 desta lei, cando non se abastezan de entidades subministradoras que non efectúen vertidos de augas residuais a redes públicas de saneamento, os tipos de gravame indicados nos apartados 2 e 3 afectaranse dun coeficiente igual a 0,2. Isto traducido Sr. López ou falando en linguaxe coloquial, o que vén dicir é que esa bonificación que vostede fala do 80% multiplicando por 0,2 baixa un 80% pero teñen que darse todas as condicións que veñen referidas no apartado 6, que sexan captacións propias, traídas veciñais e non teñan saneamento, pero é que Sr. López neste momento vostede mesmo o recoñece e está incluído na lei, o ano 2015 é o ano límite para que todos os núcleos de poboación teñan saneamento, isto é temporal; ademais a lei do ano 93 que establecía o canon de saneamento non metía estas cuestións que mete esta lei do PP o que metía era a exención para aqueles galegos e galegas que vivisen en entidades de poboación de menos de 2.000 habitantes, cuestión que suprime a nova lei, entón aquí exento non está ninguén, e ademais que multiplique polo 0,2 quere dicir que van ter que pagar o 20% do canon por un servizo que non se lles presta, porque se lles vai cobrar a todo mundo, e non teñen nin rede de saneamento nin traída pública, é inxusto sexa un vinte, trinta, cincuenta ou un cen en todo caso é unha medida absolutamente temporal porque no curto prazo todo mundo vai ter que estar conectado cun servizo de saneamento. Ben, comparalo co IBI non hai tanto que foi aquí o problema do IBI debese de saber vostede que o IBI non é o sistema de corrección de se viven na vila ou teñen máis servizos, iso non é o que grava o IBI é un imposto sobre o valor do inmovible, entón o que determina o que hai que pagar é a Ponencia de Valores, e o problema que tivo na Estrada é que a Ponencia de Valores estivo mal feita e todos sabemos porqué, entón a Ponencia de Valores determina o valor do urbano no rural e no casco, e está condicionado polos servizos que hai no seu entorno, pero non é porque teña ningún factor de corrección por estar no rural. É evidente que todos os argumentos que vostede estivo expoñendo caeron, non se mantén ningún e para rematar o tema de citar a disposición transitoria, non me acordo que número era, podía citar a 5ª e podía citar a 14ª, sabe vostede o que é antieconómico en termos da administración, é a lei e o canon iso é antieconómico para os petos dos cidadáns, pero antieconómico para a administración é que o custe para facer efectivo ese cobramento sexa desproporcionado fronte ao ingreso que se pretende obter, iso é antieconómico e non no sentido no que a aplica vostede que é polo que se pide a retirada desta lei. Todos sabemos que está no Parlamento, iniciado xa o trámite polo que a proposta do Sr. Reboredo, non procede instar á Xunta a nada, pois xa fixo e desfixo o que lle pareceu, o director xeral de relacións institucionais e parlamentarias remitiu o documento e documentación complementaria aprobada polo Consello da Xunta ao Parlamento, este proxecto de lei está en trámite e o que procede é que a Corporación da Estrada, unha vez que se aclara que a aplicación desta lei vai ser moi prexudicial para a maioría dos veciños e veciñas, lle pida ou se lle traslada o acordo ao Parlamento Galego que é onde está en trámites este proxecto, que non é válido que o Goberno Galego que elabore un novo e iniciar a súa tramitación, como comentaba o voceiro do PSOE se a lei do ano 93, entrando en vigor a Directiva Europea da Auga no ano 2000, non hai xustificación para a premura de tempo, que non existe e na actual lei xa se establece unha recuperación de custes no tema da depuración polo canon de saneamento, a recuperación de custes polo servizo de abastecemento xa existe, a totalidade dos concellos cobran o subministro de auga alí onde a prestan, como debe ser, non onde non se presta e polo tanto o que procede é aprobar sen escusas esta moción.

Sr. López Campos do PP: A verdade é que me deixou anonadado, eu entendo perfectamente porque os veciños asistiron hoxe ao Pleno, porque supoño que se foi vostede informar ao rural con esta claridade e esta contundencia entendo que viñesen aquí poñerse ao día do que realmente é a Lei de augas porque dende logo ou eu non a entendín que é posible ou eu creo que vostede se explicou bastante mal ata o de agora, véxoa un pouco espesa e tensa, non sei o que lle pasa, pero perdeu unha gran oportunidade para vir aquí ao Salón de Plenos e diante de todos os veciños que é o que pretende o BNG e que pasa coa Lei de augas, pero eu recoñezo

que me perdín no minuto 3 da súa explicación e non fun capaz de coller o fío ata o final, recoñézoo, probablemente os veciños saían de aquí cunha boa empanada mental despois de tela escoitado a vostede, eu polo menos si saí con esa empanada mental, recoñézoo, non sei, creo que non nos entendemos, creo que vostede non quere entrar no fondo da cuestión, creo que hai un tema base de todo este debate que é o trámite parlamentario, creo que queda claro que hai un tema que trae ao Pleno aos veciños hoxe, que pasa coas traídas privadas, que pasa cos pozos, que pasa coas traídas comunitarias e cos contadores, iso é o que lle preocupa aos veciños, iso é o que xerou a alarma social e o que lles temos que aclarar neste Pleno porque é ao que viñeron, e eu aí é onde dixen antes e o volvo dicir agora, e á parte para bo ou para mal tamén participo no que é o debate parlamentario en Santiago e pódolles anunciar que o PP presentou varias emendas ao proxecto de lei, emendas que como o PP ten maioría se presupoñen que se van aceptar, que non é certo que o PP non acepte emendas doutros grupos, recórdolle que na Lei do solo de Galicia aceptáronselles máis de 20 emendas ao Partido Socialista, e ao final deu o cambiazoo, votou en contra, o mesmo que pasou aquí co Plan Xeral hai aproximadamente cinco ou seis anos, pactou unhas emendas ao texto lexislativo, acordouse o voto favorable e cando chegaron á votación votaron en contra, creo que lle soa a vostede bastante ese tipo de actuacións e escapismo a última hora; e ademais no Plan de Ordenación do Litoral pasou máis do mesmo, entón eu dígoille o PP ten presentadas varias emendas, unha delas na que se esixe que a dedución do 80% da cota do canon se aplicará a todos os usuarios domésticos de fontes propias e traídas veciñais; a segunda, que na disposición transitoria 14ª que a Sra. López Doce que non entendía cal era o motivo que traía a colación, di que cando se constitúe un recibo antieconómico, antieconómico para que o entendamos todos é cando o custo que ten a administración de emitir o recibo é maior có que se vai recadar por el, é o que dixen eu creo que vostede ou non o entendeu ou non o quixo entender, entón antieconómico é un recibo que ten que pagar un señor que paga 1 € ao mes de canon da auga e lle fan unha bonificación do 80% e pasa a pagar 20 € ao mes, ese recibo non se emite porque é antieconómico, iso é o que dixen eu e iso é o que se vai garantir no proceso de tramitación do proxecto de lei, polo tanto que se garante que moitas das traídas comúns non van pagar e todos os pozos privados e particulares non van pagar, iso é o que se garante con esa emenda que presenta o PP e preséntaa no PP porque ten maioría absoluta, e ese é o meu compromiso aquí e veremos se é certo ou non é certo, a miña palabra e o meu compromiso e eu participo no debate e no trámite parlamentario deste proxecto de lei, verémolo se é verdade ou non; o tema dos contadores homologados, tamén o PP presentou outra emenda a ese articulado, pero eu xa o dixen ao principio, falei do trámite parlamentario en todo momento, falei de que non tiña sentido instar ao Parlamento Galego a volver a chiquereros un proxecto de lei, ten sentido que o melloramos e o momento é agora. Queremos participar?, o Concello da Estrada quere participar na mellora dese proxecto de lei?, para que o imos devolver, presentemos unha emenda e fagamos presión para que se cumpra, estamos no momento do debate, no momento que os grupos políticos se teñen que posicionar e estou disposto a pelexar pola resolución que saía deste Concello e estou disposto a influír no grupo parlamentario para que se mellore tendo en conta as características do noso concello, entendendo que é unha lei que abrangue a toda a CA, pero si é certo que aquí temos unhas peculiaridades e temos que defendelas, para iso estamos no Parlamento traballando na modificación do proxecto de lei. O tema dos contadores homologados, non é certo que por non dispoñer de contador se impoñan sancións, díxenllo antes, pero como se quedou sen argumentos tampouco me quixo entender, dixen que hai unha emenda presentada para que só no caso, pero claro unha emenda do PP que ten a maioría absoluta e que a vai aprobar, porque é o compromiso que temos con Galicia e coa Estrada e polo tanto ímolo facer para iso a presentamos, senón non a presentabamos, entón nesa emenda indícase que só se sancionarán nos casos nos que Augas de Galicia teña determinado expresamente que se debe colocar contador por determinados problemas á hora de vertidos ou de consumos non xustificados non se cumpra esa obriga, só neses casos se vai proceder a multar, o que coincidirá comigo que é lóxico ou vostede pretende que sigamos prexudicando o medio ambiente e a calidade das nosas augas, creo que deberíamos estar de acordo. Despois, Sr. Espiño, non fala dos usos agrícolas gandeiros, é que están exentos, claro eu alégrome de que vostedes entren aí, porque o PP tamén presentou outra emenda pola que quedan totalmente exentos os usos gandeiros agrícolas e forestais, polo tanto xa quedan vostedes sen argumentos outra vez, polo que estamos falando que vostedes arriman a ascua á súa sardiña, cando falan de trámites parlamentarios e cando lles interesa comentar determinados aspectos o trámite parlamentario vale é o legalmente establecido, o Parlamento está para traballar e para

mellorar as leis e ao final é quen ten que facer as leis, o Parlamento de Galicia, nesa liña estase traballando e eu creo que tendo en conta o calado e a preocupación como dixen na miña primeira intervención que é certo que existe preocupación pola posta en marcha desta lei, vaise facer para que os casos de traídas comunais, pozos privados contadores homologados e multas ou imposicións coercitivas queden perfectamente reguladas e dende logo non se penalice a quen non ten os servizos. Eu creo que ese debe ser o resultado final de todo este debate e o que eu entendo no que todos consideramos que é conveniente legislar conforme a Directiva Marco da Auga, eu aínda escoitei hai pouco dicir ao voceiro do PSOE dicindo que era conveniente facer unha adaptación da Lei de Augas, que era necesario que seguramente dende logo hai moitos aspectos nos que traballar, pero eu entendo que este é o momento e que ademais hai un aspecto importante, no 2015 hai un prazo para ter saneadas as rías e os concellos e hai un compromiso ademais por parte do Goberno da Xunta de Galicia que no 2015 estean saneados todos os concellos de máis de 2.000 habitantes, ese é un aspecto importante que ademais vai permitir xerar recursos cos que poder afrontar eses investimentos pero ademais tampouco é certo que esteamos aprazando o pagamento dese tributo cando a Sra. López Doce di que no 2015 van estar saneados, pero o canon da auga e o canon de saneamento o que fala é de abastecemento da auga e saneamento, cando unha persoa do rural pague o canon da auga e o de saneamento é porque vai ter auga pública e saneamento público, nese momento pagará e mentres tanto pagará, e o que non pode dicir é –é que non van ter abastecemento e o saneamento e van ter que pagar - falso porque no 2015 o plan que pon en marcha a Xunta de Galicia e os fondos que vai recadar a través desta normativa europea, van ser para destinalos a saneamentos e abastecementos, imos procurar levar a todos os concellos con máis de 2000 habitantes o PP abastecemento de auga pública e solucionar o problema actual que teñen os núcleos sobre todo no noso concello, máis de 470 e imos solucionar o problema do saneamento e eu creo que é unha gran noticia para Galicia e A Estrada e o que debemos facer é logralo da mellor forma posible para que non prexudique aos que menos beneficios están a obter actualmente e nese sentido van todas as emendas presentadas polo PP que se van apoiar e que eu agardo que o BNG e o Partidos Socialista tamén apoiem, porque son de xustiza social, e ademais eu entendo que ao final todos debemos coincidir nun punto común, ao final todos estamos aquí, podemos ter as nosas discrepancias, podemos en determinados momentos pero que no fondo, e tendo en conta a moción presentada polo BNG e os criterios expresados por todos os voceiros esta noite, practicamente coincidimos no esencial, coincidimos no fondo e fáltanos a forma, e eu creo que no fondo dende logo nós estamos dispostos a facer un esforzo, a recoller os plantexamentos que fai o BNG na práctica totalidade e incorporar algunha resolución na que se garanta que no trámite parlamentario os veciños non teñan que pagar o canon pola súa auga do pozo, traída comunitaria, que non estean obrigados a poñer contadores homologados e que se regule de forma clara as multas no caso de non poñer contadores, eu creo que iso é o que lles preocupa aos veciños, estamos no momento de poder facela, o PP presenta unha emenda a esta proposta do BNG e creo que dese xeito e cun compromiso firme e decidido poderemos unha mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e outra serlles útiles á sociedade estradense e aos veciños da Estrada.

Sr. Reboredo Baños: *A triste realidade é que levamos hora e corenta e estamos onde estabamos, os veciños están moito máis confundidos do que viñeron aquí, claro os que quedan porque outros xa marcharon; entón ao final esa é a triste realidade, levamos aquí debatendo unha hora e corenta minutos e non achegamos ningunha solución, se había dende a nosa responsabilidade para contribuír a mellorar este texto, e aí ía a nosa proposta, mire cando vostede fala do trámite parlamentario, creo que foi a voceira do BNG, dicir que neste trámite non se pode facer ningún tipo de modificación ou introducir ningún tipo de alegación. Cando eu me refería a Andalucía eu non o poñía como ningún exemplo de satisfacción eu puxen o exemplo de Andalucía porque é unha das que está aprobada e dicía que os tres obxectivos, eu non discuto as súas cantidades, senón que os obxectivos que marca a Lei 9/2010 de Andalucía é a mesma cos mesmos obxectivos que ten a lei galega, evidentemente podemos empezar a falar de tarifacións do que aplica un e o que aplica o outro e aí é onde está o noso traballo ou onde debe estar o traballo da FEGAMP eu non sei quen preside isto dentro da FEGAMP, pero se non convocou aos concellos galegos cando había un período de debate ou pedir suxestións, terán vostedes que pedir responsabilidades a esa presidencia; entón en resumo, a proposta que fan vostedes non nos leva a ningún lado, non nos resolve absolutamente nada, se vostedes non queren aceptar as emendas que presentamos dende a oposición, alomenos acepten a última que*

lles fixen eu, devolvan esta moción á comisión e fagamos un equipo de traballo, recollamos a casuística persoal da Estrada que queremos que apareza recollida nesa modificación e enviémola a onde pertenza, o demais, rechazar aquí ou pedir aquí que se tire ou derroque un decreto, non o imos conseguir, vostedes fagan o que queiran nós seguimos mantendo o compañeiro e máis eu, esa oferta de consenso para elaborar esa oferta e aquelas cuestións, tarifacións incluídas, eu cando lle dicía o art. 4 é porque en realidade é o que recolle toda a casuística de tarifación, que é a que máis lles interesa aos veciños; a partires de aí evidentemente hai que mirar outros aspectos, entón fagan vostedes o que queiran, saben onde nos teñen a nós, se nos queren utilizar utilícennos e senón pois sigan vostedes con este sin camiño que queren iniciar.

Sr. Espiño do PSdeG – PSOE: *Moi breve, porque un xa empeza a derreterse, e supoño que os veciños seguirían confundidos, pero non creo que fose polo Grupo de Goberno, porque foi o que menos tempo utilizou na argumentación, non foi por culpa do Goberno, se collemos as actuacións no día de hoxe o remuíño que se debeu facer de xuntar a foula co relón debeu ser terrorífico, pero en calquera caso, os veciños creo que sacarían unha conclusión as leis promóveas a Xunta de Galicia, apróbaas o Consello da Xunta e sométeas ao Parlamento pero despois de todo o que se falou aquí, os veciños dirán, pero esta lei débérona facer os marcianos e apareceu por aquí por obra e grazza do señor. Os populismos son o que menos conveñen nun debate destes, está claro que todos sabemos que nun debate parlamentario dunha lexislación, os grupos representados nese Parlamento. Podó continuar Sr. López?, supoño vostede que está en órganos lexislativos máis elevados ca este, supoño que non estará alí desbarrando cada minuto, en calquera caso, non imos aquí rizar o rizo nin inventar o sumum do leite callado, mire todo o que se poida dicir aquí é populismo e vostede utilizaba precisamente a palabra demagogia e a demagogia e o populismo están asociadas e son indisolubles unha da outra, van na mesma xogada e está claro, aquí hai que chegar a un acordo contundente, non a este proxecto de lei, porque pode vir calquera dos aquí presentes neste Corporación dicindo das boas intencións das emendas que van presentar, tamén as van presentar outros grupos políticos e a emenda xeral é da súa retirada, unha reelaboración non só porque estean en desacordo coa lei actual, todo mundo coincide en que é necesaria unha lei de augas, pero consensuada, razoada e dende logo que regule todos os usos e recursos hídricos deste país, evidentemente que vai levar consigo un canon, un imposto, pero non é certo que haxa excepcións, porque eu ou mal entendo, posiblemente a miña capacidade de comprensión lectora estea a nivel de infantil ou dos primeiros cursos de primaria, pero dáme a sensación que na páxina 16 do documento di “pois ben redundando na Constitución e no Estatuto de Autonomía”, “a lei quere estender o ámbito de aplicación das medidas fiscais da Comunidade Autónoma sobre as persoas usuarias da auga que ata agora se atopaban excluídas dela” non sei que puñetas pode dicir isto, ao mellor pode ser unha emenda. No artigo 47 onde veñen as excepcións, non atopo por ningún lado iso, en calquera caso, se me chamaba a especie antecesora dos homínidos Ramatitecu, dos primeiros pasos evolutivos, despois viñeron os australopitecus, os robustos, erectus, sapiens – sapiens e ata chegar ao home actual, algúns seguen de ramapitecus, mire no canon actual de saneamento calquera cidadán deste Concello está pagando 0,209 € por metro cúbico, recollan as cifras que se mencionaron aquí e saberán o incremento que van ter os cidadáns polo canon da auga asumido tamén o saneamento e evidentemente diferenciamos entre taxa e canon; taxa é unha exención obrigatoria para o Concello, polo tanto mire os argumentos pódense dicir as que queiran, as emendas pódense poñer as que se queiran, e aquí os argumentos témolos todos, pero evidentemente desta Corporación o que ten que saír é que a maioría do pobo estradense, se vostedes queren sumarse a ela, sería que unanimemente os representantes dos estradenses din non a este anteprojecto de lei, e senón a maioría dos representantes dos cidadáns da Estrada van dicir non a este proxecto de lei.*

Sra. López Doce, do BNG: *Creo que o que lles interesa aos veciños e veciñas da Estrada o que lles interesa a máis que non acudiron, é que o PP que aprobou un proxecto de lei, que o fixo o PP, que vai en contra dos seus intereses, que pretende ou pretendía, pero eu creo que pretende pois o texto é o que di, pretende cobrarlles aos veciños un canon por un servizo que non presta, iso está no texto da lei e vostede aquí indicou que o PP lle ía presentar varias emendas, o que pasa é que Sr. López o problema é que vostede non ten credibilidade porque a súa primeira intervención neste Pleno, e a intervención que fixo nos medios de comunicación hai dous días afirmou vostede que o BNG mentía, non afirmou vostede que o proxecto de lei elaborado polo*

PP é unha aberración e que polo tanto o propio PP ía emendalo, non foi isto o que dixo vostede dixó que o BNG lles mentía aos veciños, e iso Sr. López o que denota é que vostede falta á verdade e polo tanto a súa credibilidade é ningunha, e non só se conforma con iso, senón que na última intervención volve a faltar á verdade, a mentir, é dicir a min que diga que o PP ten maioría suficiente para aprobar unha serie de emendas que corrixan determinadas cuestións que eu como concelleira desta Corporación diante dunha moción que me pide que me pronuncie sobre un proxecto de lei que coñezo porque está a disposición de calquera na web do Parlamento se quere ir máis alá da nota de prensa do Consello da Xunta do portal da Xunta, eu evidentemente estou na obriga de presentar a moción, porque eu non sei pero o deputado ou deputada do PP que teña que presentar a emenda ten un accidente de coche, non se presenta a emenda e xa está. Non pero terá que defendela na comisión senón decae, digo eu. Estou eu en uso da palabra, eu non lle desexo tal sorte a ninguén, en todo caso Sr. López artigo 41 páxina 74 “o canon da auga creado con esta lei é compatible con calquera outro tributo relacionado coa utilización da auga, en particular declárase a súa compatibilidade con figuras tributarias previstas na lexislación estatal e cos tributos nesta materia que poidan ser esixidos polas entidades locais”. Punto 2 Sr. López tome nota igual se non presentou a emenda aínda a pode presentar “in voce” no Parlamento, o coeficiente do vertido é incompatible con tributos municipais destinados a sufragar o servizo de depuración de augas residuais e é compatible con aqueles destinados a sufragar o servizo de sumidoiros que é o que pagan os veciños da Estrada e que seguirán pagando, e podería dicirlle máis cousas pero eu creo que os veciños que asistiron ao Pleno téñeno ben claro pero o PP o que pretende é iralles ao peto para recadar e non a comprometerse a darlles un servizo da auga, a ter un saneamento instalado no ano 2015 e non está comprometido con que todos os galegos e galegas teñamos subministro de auga potable en cantidade suficiente e boas condicións, está comprometido con incrementar os ingresos da Xunta de Galicia en momentos de crise como dicía vostede antonte.

Sr. López Campos do PP: *Se segue falando vostede Sra. López Doce, váiselle marchar toda a xente que ten no Pleno, cada vez que fala vostede marchan vinte e cinco, sempre coincide cando fala vostede, será casualidade, non hai máis que velo.*

Sr. Alcalde: *Sr. López se sigue facendo alusións imos estar aquí ata as catro da mañá dicindo as mesmas argumentacións que dixemos dende o primeiro momento, polo tanto se non facemos reiteracións, todos contentos.*

Sr. López Campos do PP: *Non, eu estou intentando chegar a un acordo, imos ver, eu na Radio Municipal non dixen o que vostede acaba de dicir, eu dixen algo e mantéño que se vostedes queren ir pasear o seu candidato polo rural para que o coñezan non teñan porque ir mentindo para xuntar xente nos actos, iso é o que dixen eu textualmente e mantéño; para xuntar algo de xente seguramente teñan que ir con algo así, pero dende logo non é a forma, outro tema que eu lle quero recordar, o que ten competencias en materia de saneamento; ¿quen é a administración que ten a competencia de dar os servizos de abastecemento de auga aos cidadáns?, a Xunta de Galicia?. Sra. López Doce non se altere, pero isto non é rogos e preguntas.*

Sr. Alcalde: *Non imos entrar en diálogos, remate Sr. López o antes posible.*

Sr. López Campos do PP: *A competencia en materia de abastecemento e saneamento de auga é dos concellos, e se o Concello da Estrada ten un Plan de Saneamento Integral do Rural que me parece que vai a 25, 28 ou 30 millóns de euros que é unha auténtica barbaridade para a capacidade do noso concello, teremos que buscar a forma de facelo, ou que imos estar esperando, ¿coa capacidade que ten o Concello de recadación vai ser capaz de asumir o abastecemento e saneamento de auga de todo o rural estradense?, iso é o que pretenden dicir vostedes?. Sexamos un pouco sensatos e serios e tratemos de infundir respecto, porque vostede critica a lei do meu partido, pero é que vostede á parte de cambiarlle o semblante cando llo dixen, non entrou a valorar que foi do borrador do proxecto de lei que tiña o bipartito presentado no Consello da Xunta, que foi, que cambiou tanto nun ano e medio no BNG que antes quería cobrar os tres tributos de imposto ecolóxico a todo o mundo e agora critica que o PP adapte a Directiva Marco da Auga, que foi o que cambiou no último ano e medio?, pois o mesmo que cambiou no BNG da Estrada, que antes estaba na oposición e agora está no*

Goberno esa é a diferenza, e que onde dixen digo, digo Diego, e iso é o que se poden fiar os veciños da Estrada dun partido que en función de onde estea, se está tocando moqueta ou non, di unha cousa ou a contraria, e dende logo o PP aí non vai entrar, se queremos transaccionar e mellorar este tema, xa lles dixen encontrarán ao PP, a retirar o texto legal en trámite parlamentario, á parte de non ser competencia deste Pleno, porque á parte o Pleno seguinte nós traeremos a retirada do proxecto de lei dos Orzamentos do Estado e a retirada da subida do IVE dous puntos, e estaremos solicitando retiradas dos proxectos de lei do Goberno do Estado durante todo o ano, se é sensato e lles parece coherente, entremos nesa dinámica e entón faremos demagogia, encheremos o Salón de Plenos e diremos que o PSOE e o BNG da Estrada non queren que o PSOE de Madrid rebaxe o IVE ou suba o IVE en dous puntos, non queren que lles baixen o soldo aos pensionistas e entremos nesa espiral de demagogia e a ver quen gaña, e eu creo que é o momento de ser sensatos e buscar unha solución e senón eu manifesto o sentido do voto do PP, se vostedes están empeñados, nós mantemos o sentido do voto da comisión e senón non temos que facer.

Sra. López Doce do BNG: É que me cambia a cara porque é vostede capaz de sorprendeme de ata onde pode chegar, mire, isto é a nota do Consello da Xunta que di “estes obxectivos serán posibles grazas á declaración de interese da Comunidade Autónoma daquelas actuacións previstas na planificación e no servizo de depuración de augas residuais que supón un dos piares fundamentais desta lei”, e a disposición transitoria 5ª que eu lle nomeei di que se “desenvolverá regulamentariamente para que os concellos transfiran voluntariamente as depuradoras á Xunta”, Sr. López.

Sr. Alcalde: *Rematado o debate, imos pasar a votar o ditame da Comisión de Organización.*

Sometido a votación o ditame da Comisión de Organización sobre a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, resultan doce votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras./es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e nove votos en contra (PP: Sres/as López Campos, Maceira Besteiro, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto e Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que resulta aprobado por maioría.

5º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO MES DE AGOSTO DE 2010. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 723 e 832 correspondentes ao mes de agosto de 2010.

O Concello queda sabedor.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Cristina Goldar, do PP: *Boa noite, moi brevemente esta é unha pregunta de se ten coñecemento o Sr. Alcalde das actuacións feitas e levadas a cabo no período vacacional levadas a cabo pola Sra. Tenente de Alcalde relativas á retirada dunhas árbores levadas a cabo en Fontenlo - Couso nas fincas 426 e 427 da Zona de Concentración Parcelaria.*

Sr. Alcalde: *Non vou dicir que teña un coñecemento exhaustivo para dar aquí unha explicación pero coñezo o expediente.*

Sra. Cristina Goldar, do PP: *Entón, isto é unha pregunta porque teño varias informacións e quero contrastalas se é tan amable, é certo que comezada a tramitación e logo de que se ditase sentenza polo Xulgado do Contencioso número 2 de Pontevedra de data 04.06.10 no que lle daba a razón á titular das fincas 426 e 427 para non proceder á retirada das árbores, vostede indicou a necesidade de paralizar o procedemento ata que vostede volvese pola necesidade de estudo detido das actuacións.*

Sr. Alcalde: *Non.*

Sra. Cristina Goldar, do PP: Iso non é certo. A sentenza é favorable ao Concello porque o Concello convocouse, foi en calidade. Teño aquí a sentenza, quere lela? “sentenza 148 do 2010 e o recorrente presentou recurso contencioso – administrativo onde necesariamente tiña que ser demandado o Concello, contra resolución do Concello da Estrada de data 23 de decembro de 2009. Pois entón home, se non sabe do que estamos a falar, teña tranquilidade. Sigo coas preguntas, pediuse autorización xudicial para entrada nas correspondentes fincas relativas á limpeza ordenada nos decretos 746, 774, 813, 824 e 831 do 2010?. Neses decretos onde tamén se pide a retirada e limpeza das fincas, pediuse autorización xudicial unha vez que se lles deron os 15 días non se cumpriu voluntariamente por ese notificado, pediuse a entrada xudicial nesas fincas, a autorización xudicial para entrada nesas fincas, pregunto.

Sra. López Doce, do BNG: Imos ver Dona Cristina, está vostede mesturando dous expedientes, o expediente ao que se refire a primeira sentenza, o Concello en base á normativa que era aplicable nese momento, resolveu que non procedía a tala, entón a outra parte formulou un contencioso – administrativo que lle deu a razón ao Concello Dona Cristina, que arquivou o expediente, e a sentenza xudicial reconece que ese expediente estaba ben arquivado, non entando entrou no fondo e dixo que tendo coñecemento, porque foi achegado polas partes, que había outro expediente en trámite no que era outra normativa, non entraba no fondo do asunto Dona Cristina, son dous expedientes distintos, no expediente aberto no ano 2010 ao abeiro do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios forestais elaborado segundo o disposto na Lei 3/2007 creo que a vostede como xurista lle gusta moito que lle citen a normativa, resolveuse que si procedía a tala das árbores, déuselle un prazo voluntario ás propietarias para que presentasen por escrito autorización para acceso ás parcelas agrícolas cunha plantación forestal e nese prazo non o presentaron e entón solicitouse autorización xudicial que foi outorgada ao Concello polo Contencioso Administrativo, non sei que sala se a 2 ou a 3, a que estaba de garda no mes de agosto. Expliqueime suficientemente?.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Non, porque non quixo contestar ao que tiña que contestar con respecto á sentenza si que entra no fondo “o principal inconveniente que se encontra no caso presente é o relativo a se a construción de D. Marcelino Vidal García, á sazón do BNG é preexistente á plantación da codemandada, resultando da proba practicada”, e aí hai máis, entra no fondo do asunto, relativo á sentenza do Xulgado do Contencioso, pero eu non lle preguntei iso, porque a sentenza entra no fondo, eu pregunteille; en todos estes decretos nos que se fai tamén e pídese e faise unha resolución polo Concello para que se proceda á retirada de árbores e maleza, cando unha vez que se dan eses quince días naturais como se deu no seu caso neste segundo expediente administrativo a Dona Rosario Codesido Barcala, á sazón titular das fincas de concentración parcelaria 426 e 427, digo se en todos estes decretos tamén se pediu autorización xudicial para entrada nas fincas e executar esa orde cando non había cumprimento voluntario, pregunto é fácil é doado si ou non.

Sra. López Doce, do BNG: Imos ver, Dona Cristina é que se o Concello resolve que non hai que cortar para que vai pedir autorización xudicial muller?.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Estoulle dicindo que nestes decretos o Concello ordena a retirada e limpeza das malezas en todos estes decretos, en todos, absolutamente en todos, é dicir, dille a ese titular ou fai vostede a limpeza, retirada de maleza e retirada das árbores ou senón procedo á execución subsidiaria e son decretos a distintos particulares e veciños, calquera un dunha finca outro doutra finca, o mesmo que no decreto 731 deste segundo expediente que o antecedente era esta sentenza do xulgado e no que vostede si que solicitou autorización xudicial para entrada.

Sra. López Doce, do BNG: Sra Cristina, parece mentira que eu, unha triste diplomada teña que explicarlle a vostede unha licenciada en dereito cousas coma esta. Eses decretos que cita vostede tiñan un período de alegacións.

Sra. Cristina Goldar, do PP: De quince días, estoullo dicindo.

Sra. López Doce, do BNG: Pero ese prazo os interesados formularon primeiro alegacións e os técnicos municipais, estudadas as alegacións resolveron que non se cortaba e xa está.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Despois xa comprobaremos, unha pregunta.

Sr. Alcalde: Estamos na quenda de Rogos e Preguntas que lle poderán gustar máis ou menos as respostas, pero non sería operativo que se faga un debate, senón que se fagan as preguntas oportunas.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Pois vou facer preguntas. ¿Pódeme responder como é posible que o Decreto 731/2001 teña un Rexistro de Saída de 04.08.2010 onde se concede un prazo de quince días para facer alegación e para proceder á retirada dos piñeiros e exista unha petición ao Xulgado do Contencioso para entrar na finca con Rexistro de Saída de 22.07.2010?. É imposible verdade, polas datas sería imposible. Neste momento non me pode responder?.

Sra. López Doce, do BNG: Evidentemente, é que vostede cita unha resolución do ano 2001 que eu descoñezo. Vostede acaba de dicir 2001.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Pero que resolución?. Como é posible que o Decreto 731/2010 teña Rexistro de Saída do 04.08.2010 onde se concede un prazo de 15 días para proceder á retirada dos piñeiros e exista unha petición deste Concello ao Xulgado do Contencioso para entrar na finca e esta petición do contencioso teña Rexistro de Saída do 22.07.2010, como é posible?, que se pida primeiro a un xulgado entrar na finca antes de que acabase o prazo de alegacións e antes de que se lle notificase a resolución ao interesado?. Como é posible lle pregunto, simplemente llo pregunto?.

Sra. López Doce, do BNG: Pois mire ten unha explicación ben lóxica, os propietarios eran dous e vostede cita a data na que foi notificado o segundo copropietario, cando o primeiro non presentou a súa autorización solicitouse autorización xudicial.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Pero se son dous, terían que notificarse aos dous.

Sra. López Doce, do BNG: Non é que se son dous e os dous non resolven autorizar, non imos ir a preito para que se poñan de acordo.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Pero imos ver, como vostede pide autorización o 22.07.2010 cando lle manda a resolución do 4 de agosto.

Sra. López Doce, do BNG: Mire unha cousa, mire o expediente.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Téñoo aquí por iso llo digo.

Sra. López Doce, do BNG: Non teño nada máis que dicirlle.

Sra. Cristina Goldar, do PP: Outra pregunta, está aprobado polo Pleno o Plan Municipal contra incendios?.

Sra. López Doce, do BNG: Non.

Sra. Cristina Goldar, do PP: ¿Ten constancia do informe xurídico emitido en data 09.07.2010 por parte do TAX do Servizo Xurídico de Urbanismo no que advertidas serias irregularidades ás que nos remitimos expresamente di e advirte que a resolución administrativa ademais de ilegal pode ser inxusta?. Ten coñecemento dese informe?. Nada máis, grazas.

Non habendo máis intervencións e preguntado polo Sr. Alcalde se algunha persoa do público asistente desexa intervir, levántase a sesión ás vinte e tres horas e quince minutos.

A Estrada, 7 de outubro de 2010

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito